

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 2 DE NOVEMBRO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado: Semienlace de acceso ao polígono industrial de Areas – Tui, desde a VAC Tui – A Guarda. Treito I, de clave: PO/03/009.01.1.1, no Concello de Tui.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Decreto polo que se modifica o Decreto 70/2011, do 7 de abril, polo que se regulan a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural o Castro de Fazouro, no lugar de Punta do Castro, parroquia de Santiago de Fazouro, termo municipal de Foz (Lugo), coa categoría de xacemento arqueolóxico.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, por procedemento aberto, tramitación ordinaria e como expediente anticipado de gasto, das obras de restauración e mellora da envolvente térmica dos edificios do Complexo Administrativo de San Caetano, por un importe de licitación de sete millóns trescentos sesenta e cinco mil catrocentos noventa e sete euros con setenta e dous céntimos (7.365.497,72€), IVE incluído, e un valor estimado do contrato de seis millóns seiscentos noventa e cinco mil novecentos sete euros con dous céntimos (6.695.907,02€).

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, por procedemento aberto, tramitación ordinaria e anticipada de gasto, da prestación do servizo de vixilancia e seguridade nos edificios administrativos da Xunta de Galicia, por un importe de licitación de oito millóns douscentos once mil oitocentos trinta e sete euros con cincuenta e cinco céntimos (8.211.837,55€), IVE incluído, e un valor estimado do contrato de vinte e dous millóns cincuenta e seis mil cincocentos oitenta e oito euros con corenta e cinco céntimos.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha addenda ao Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do Plan de inclusión dixital no eido da Administración local.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cerceda para a execución da actuación de saneamento e instalación da estación depuradora de augas residuais en Meirama. Concello de Cerceda (A Coruña), por un importe de douscentos setenta mil euros (270.000,00€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVIGO) para o cofinanciamento da contratación dos investigadores seleccionados ao abeiro da modalidade 3: proxectos de I+D+i para mozos e mozas investigadores sen vinculación ou con vinculación temporal no marco do programa estatal de investigación, desenvolvemento e innovación orientada aos retos da sociedade, por un importe de cento sesenta e dous mil euros (162.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a universidades de Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVIGO), para o cofinanciamento das axudas Juan de la Cierva, por un importe total de corenta e nove mil euros (49.000 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo (UVIGO) para o desenvolvemento de accións de I+D+i, por un importe de tres millóns seiscientos dez mil seiscientos trinta e oito euros (3.610.638,00€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de programas de atención e protección da saúde, por un importe de tres millóns novecentos setenta e nove mil setecentos noventa e nove euros con noventa e dous céntimos (3.979.799,92 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela, para o financiamento da redacción do proxecto básico do complexo dotacional de edificios de ciencias da saúde (novo edificio para a facultade de medicina e odontoloxía), por un importe de catrocentos vinte e oito mil cincocentos once euros con oitenta e dous céntimos (428.511,82€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao contrato de servizos para a execución de programas de intervención en réxime de acollemento residencial e de atención de día, dirixidos a menores con medida de protección- 54 prazas e a superación do prazo máximo de duración previsto no artigo 303 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (Exp.: 62/2017). Importe do orzamento: catro millóns douscentos cincuenta e tres mil setecentos setenta e tres euros con vinte e oito céntimos (4.253.773,28€). Valor estimado: dez millóns sesenta e catro mil trescentos sesenta e un euros con sesenta e cinco céntimos (10.064.361,65€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: reparación dos danos causados nas estradas de titularidade autonómica da provincia de Pontevedra polos incendios do 14 e 15 de outubro de 2017, por unha contía de seiscientos corenta e nove mil cento noventa e seis euros con noventa e sete céntimos de euro (649.196,97€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a resolución da convocatoria de formación para persoas mozas, "Formación á porta".
- Informe sobre as ordes de axudas incluídas nos orzamentos de 2018 en que terán prioridade os concellos que se adhiran ao convenio entre a Xunta e a Fegamp para captar novos investimentos para Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS EXPROPIACIÓNS DOS TERREOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DO ENLACE DE AREAS DA VAP TUI-A GUARDA, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 18 MILLÓNS DE EUROS

- *O proxecto consistirá na execución dun enlace de conexión do polígono industrial de Areas-Tui coa vía de altas prestacións e a A-55, unha actuación altamente demandada polos veciños e o sector empresarial da comarca*
- *O decreto aprobado hoxe polo Consello permitirá a expropiación dos 66 predios necesarios para a execución desta obra, ao que se destinarán case 270.000 euros*
- *Este gasto en expropiacións súmanse ás xa realizadas e aboadas para esta actuación mediante un investimento de 6,8 millóns de euros*
- *A construción do enlace de Areas é a primeira actuación prevista dentro da planificación detallada que o Goberno galego presentou para o desenvolvemento por fases dos treitos restantes da VAP Tui-A Guarda*

O Consello da Xunta aprobou hoxe as expropiacións dos terreos necesarios para a execución do Enlace de Areas da Vía de Altas Prestacións Tui-A Guarda, que suporá un investimento de 18 millóns de euros por parte do Goberno galego.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado do semienlace de acceso ao polígono industrial de Areas-Tui desde a VAC Tui-A Guarda. Este semienlace complementa a ligazón prevista entre a A-55 e a VAP Tui-A Guarda, conectando directamente o polígono de Areas con estas vías de alta capacidade, atendendo á demanda dos veciños e usuarios do polígono de mellora das conexións desta zona industrial.

O orzamento estimado para as expropiacións do semienlace é de case 270.000 euros e permitirán a expropiación dos 66 predios necesarios. A maiores, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda xa aboou 6,8 millóns de euros polas expropiacións do subtramo I da VAP Tui - A Guarda, que inclúen os terreos necesarios para executar o enlace entre a A-55 e a vía de altas prestacións.

Actualmente, a Xunta está a traballar na integración do semienlace de Areas no proxecto completo do enlace entre a A-55 e a VAP Tui-A Guarda. O trazado do semienlace complementa a ligazón prevista entre a A-55 e a VAP Tui-A Guarda nas obras do subtramo I desta VAP, conectando directamente o polígono de Areas con estas vías de alta capacidade, atendendo á demanda dos veciños e usuarios do polígono de mellora das conexións desta zona industrial.

As obras proxectadas comprenden a construción de dúas glorietas en ambas marxes da autovía, unidas a través do paso inferior; delas parte o ramal de acceso á autovía e


remata o ramal de saída desta. Ademais, canalizarase o leito do regato San Martiño e restituíranse os camiños de servizo afectados coa fin de establecer unha continuidade neles.

Coas actuacións proxectadas, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda pretende impulsar unha conexión estratéxica que atenderá á demanda empresarial e cidadá, favorecerá a mobilidade e os desprazamentos nesta área industrial e ofrecerá novas facilidades para que as industriais alí asentadas poidan medrar. A mellora das conexións suporá novas oportunidades para que o polígono se converta en polo de atracción de novos investimentos na provincia de Pontevedra e de toda Galicia.

A construción do enlace de Areas é a primeira actuación prevista dentro da planificación detallada que o Goberno galego presentou para o desenvolvemento por fases dos treitos restantes da VAP Tui-A Guarda.

Os orzamentos da Xunta para 2018 reservan unha partida de 2 millóns de euros para avanzar nesta actuación.





A XUNTA MODIFICA A NORMATIVA QUE REGULA A ACTIVIDADE NOS TALLERES PARA OFRECER MÁIS INFORMACIÓN AO USUARIO E PROTEXER OS SEUS DEREITOS

- *O Consello da Xunta dá luz verde a unha modificación do decreto do sector para adaptalo á realidade e ás necesidades actuais dos clientes*
- *O acordo inclúe dúas novas especialidades, en aire acondicionado e climatización e equipamentos de comunicación; un procedemento para elaborar o orzamento das reparacións, así como a figura do responsable técnico*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a modificación do decreto relativo aos talleres da Comunidade co obxectivo de adaptalo ás necesidades actuais do sector e mellorar tanto a información ao usuario como a protección dos seus dereitos.

En concreto, a normativa modifica o decreto 70/2011 que regula a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes. O decreto xa servira, no seu momento, para adaptar a regulación galega tanto á lexislación europea como á nacional e achegar maior axilización administrativa á hora de obter os permisos que permiten desenvolver a actividade profesional de taller e implantar a tramitación telemática.

Agora, con esta nova proposta, a Administración galega busca dar resposta ás necesidades actuais tanto do sector como dos clientes. En concreto, a modificación do decreto permite engadir dúas novas especialidades para adaptarse á realidade do mercado: aire acondicionado e climatización e autorradios e equipamento de comunicación. Por outra parte, mellórase a información exterior ao usuario coa modificación da placa distintiva -ademais das ramas de actividade do taller, indícanse as especialidades que desenvolve- e a inclusión dunha segunda placa informativa.

O decreto tamén regula o custo de elaboración do orzamento de reparación. O usuario será informado de que, se pide o dito orzamento, o taller só llo poderá cobrar se finalmente decide non facer a reparación nese taller, velando deste xeito por unha maior protección ao cliente. Ademais, régúlase a figura do responsable técnico, aclarando que debe figurar no cadro de persoal a xornada completa.

Os talleres xa existentes na Comunidade disporán do prazo dun ano para facer as actuacións necesarias e adaptarse, deste xeito, ás novidades que inclúe o decreto.

A XUNTA APROBA A DECLARACIÓN COMO BIC DO CASTRO DE FAZOURO, EN FOZ

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo cal se declara Ben de Interese Cultural o Castro de Fazouro (no Concello lugués de Foz), coa categoría de xacemento arqueolóxico.

Este castro, situado no lugar de Punta do Castro, en Foz, posúe un indubidable valor histórico e arqueolóxico de carácter sobranceiro que se sustenta en que é o único poboado costeiro escavado e musealizado na costa cantábrica galega e, neste senso, é un referente para o coñecemento e a difusión dos valores culturais da época castrexa. Aínda que nas súas proximidades existen outros castros similares, ben é certo que non co seu grao de coñecemento e posta en valor.

Por tanto, as escavacións que se realizaron permitiron obter moita información sobre os modos de vida dos seus habitantes nesa época. Cómpre salientar o seu forte grao de romanización (ao tratarse de asentamentos cun alto nivel de ocupación entre os séculos I e II d. C., que amosan restos que os asocian a explotacións metalúrxicas e auríferas . Outro elemento característico é que para a súa construción de empregaron laxas de lousa, en contraste co granito usado na franxa atlántica.

A proposta de declaración BIC contou cos informes favorables da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Lugo e dos órganos consultivos (Consello da Cultura Galega, Real Academia de Belas Artes e Facultade de Humanidades da USC), que aportaron propostas e recomendacións no que atinxe á súa área de protección.

Tal como establece a Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, o deber de conservación do Ben corresponde aos propietarios e titulares dos dereitos reais sobre o mesmo que, polo tanto, están obrigados a conservalo, mantelo e custodialo debidamente e a evitar a súa perda, destrución ou deterioración.

A XUNTA INVESTIRÁ 7,3 MILLÓNS DE EUROS NAS OBRAS DE MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DO COMPLEXO DE SAN CAETANO

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a tramitación do expediente de contratación da segunda fase de optimización enerxética destes edificios administrativos*
- *Está previsto que as obras comecen en marzo de 2018 e que se prolonguen durante 10 meses*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación das obras de restauración e mellora da envolvente térmica dos edificios do complexo administrativo de San Caetano. O orzamento total de licitación para as obras ascende a algo máis de 7,3 millóns de euros, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

Con esta actuación, continúanse os traballos de optimización enerxética deste complexo administrativo, que comezaron en 2016 cunha primeira fase, na cal se implantou unha caldeira de biomasa para substituír a de gasóleo que funcionaba ata aquel momento para dar cobertura ás necesidades de calefacción.

Esta segunda fase, que tamén se inscribe no Plan de aforro e eficiencia enerxética na Administración pública 2015-2020, centrarase fundamentalmente en acometer melloras da envolvente das edificacións, o que redundará nunha mellora do comportamento térmico e, en consecuencia, nun aforro de enerxía.

As obras levaranse a cabo no edificio central, nos edificios laterais esquerdo e dereito, no edificio posterior dereito e no edificio Palacete. As actuacións consistirán na substitución de carpintarías e vidros, na rehabilitación de fachadas, no illamento de cubertas (incluído o cambio de tella en catro dos cinco edificios), no cambio de iluminación a LED e na mellora das instalacións de climatización. Grazas a todos estes traballos elevarase a cualificación enerxética de todos os edificios en que se vai actuar.

Estes traballos suporán unha mellora do grao de confort dos usuarios deste servizo, tanto das aproximadamente 2.000 persoas que traballan nestes edificios, como dos 500 visitantes que acoden a diario a realizar os seus trámites. Ao mesmo tempo, permitirá un aforro enerxético de 1.493.346 kwh/ano, o que se traducirá nun aforro económico de máis de 96.000 euros ao ano e evitará anualmente a emisión de 515 toneladas de dióxido de carbono.

Está previsto que os traballos comecen en marzo de 2018, e que se prolonguen durante 10 meses, polo que as obras estarán finalizadas en decembro de 2018.

A XUNTA LICITA A VIXILANCIA E SEGURIDADE DOS EDIFICIOS ADMINISTRATIVOS DA XUNTA DE GALICIA

- *O novo contrato está previsto que estea adxudicado en marzo do ano que vén*
- *Conta cun orzamento anual de 5.474.558 €*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación da prestación do servizo de vixilancia e seguridade dos edificios administrativos da Xunta de Galicia, por un importe anual de 5.474.558,36 €, e estimado para os tres anos en 16.423.675,09 €. A adxudicación do contrato está prevista para marzo do ano que vén.

O goberno galego, na liña da racionalización e eficiencia do gasto público, na anterior licitación encargou á Policía Autonómica un estudo detallado das necesidades de cada un dos edificios administrativos. Grazas a ese redimensionamento do servizo, a Xunta de Galicia conseguiu, daquela, un aforro de máis de 1 millón de euros anuais, consolidado, ano tras ano, desde 2013.

Esta nova licitación, que agora se autoriza, incrementa o seu importe, con respecto á adxudicación anterior, nun 8,53 %, coa finalidade de dar cobertura aos incrementos salariais derivados da aplicación do Convenio nacional de seguridade privada, pactado entre a asociación profesional de seguridade privada e as organizacións sindicais do sector.

Isto pódese facer grazas aos aforros acadados na anterior licitación, de forma que malia este incremento, seguiremos consolidando, a partir de 2018, un aforro anual de 600 mil euros.

Este contrato dará cobertura a 36 complexos administrativos da Xunta de Galicia.

A XUNTA ACHEGARÁ Á FEGAMP PRETO DE 800.000 EUROS PARA FACILITAR A CAPACITACIÓN DIXITAL DOS GALEGOS A TRAVÉS DA REDE CEMIT

- *Grazas ao acordo aprobado hoxe, as 98 aulas impartirán máis de 35.000 horas de formación e prevén alcanzar as 80.000 persoas usuarias*
- *O Goberno galego investirá en total máis de 1,7 millóns de euros no mantemento da rede e na realización de actividades para dinamizar o uso das TIC, potenciar certificacións dixitais e o uso da Administración electrónica*
- *As actividades da rede reforzaranse coa colaboración dos máis de 700 aliados dixitais do Plan de inclusión dixital de Galicia*

A Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) colaborarán por quinto ano consecutivo para facilitar que a capacitación dixital pública e gratuíta chegue a todos os galegos a través das actividades da Rede de aulas CeMIT.

Así se recolle nun convenio, aprobado hoxe polo Consello do Goberno galego, e que asinarán proximamente a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a Vicepresidencia e Consellería de Vicepresidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fegamp.

Con este acordo garántese e continuidade e mellora dun servizo fundamental para reducir non só a primeira fenda dixital, a do acceso ás TIC, senón tamén a segunda fenda dixital, a das habilidades dixitais, facilitar unha aprendizaxe permanente neste eido e contribuír á mellora da empregabilidade.

Investimento

Segundo o acordo, en 2018 a Amtega achegará ás administracións locais a través da FEGAMP un total de 797.277 euros para a realizar actividades en materia de inclusión dixital nas consideradas aulas de referencia da rede. Pola súa banda, a FEGAMP continuará prestando un papel fundamental como canle de comunicación coas entidades locais e será a encargada de transferirlles as correspondentes subvencións.

Este orzamento distribuirase atendendo a criterios de actividade das aulas así como da poboación do concello. A partir do mes de decembro identificaranse as aulas de referencia que continuarán mantendo esta condición e, no caso de que proceda, informarase ás aulas que causen baixa por non dispor dos niveis de actividade mínimos, permitindo que outros centros opten a ser recoñecidos como aulas de referencia e dispor da subvención correspondente.

Ao importe do convenio súmase o investimento que a Amtega realizará no soporte e mantemento das infraestruturas dos centros e na mellora das ferramentas de xestión e formación que ascende a máis de 800.000 euros. En total, o vindeiro ano 2018 a

Amtega destinará máis de 1,7 millóns de euros para impulsar a realización de actividades de inclusión dixital na Rede CeMIT.

Obxectivos 2018

O obxectivo final da Rede CeMIT é incrementar os coñecementos dixitais de todos os galegos e galegas, con independencia da súa idade, lugar de residencia ou situación económica para a mellora a súa autonomía persoal, o envellecemento activo e a empregabilidade, entre outros. Concretamente, en 2018 está previsto que a rede imparta máis de 35.000 horas formativas no eido dixital e acade os 80.000 usuarios e usuarias.

Ademais da realización de actividades para dinamizar o uso das TIC, durante o 2018 farase fincapé no uso dos servizos dixitais e potenciarase a colaboración cos aliados dixitais do Plan de inclusión dixital de Galicia 2020, que suma xa máis de 770 colaboradores. O papel dos aliados permite dispor dunha maior capilaridade en todo o territorio galego e unha maior variedade de actuacións e temáticas respecto ao catálogo de formación dixital da Rede.

Tamén se fomentará a certificación de competencias dixitais para facilitar unha mellora da competitividade e do acceso ao mercado laboral da cidadanía e se potenciará a adquisición das competencias e habilidades dixitais necesarias para abordar con confianza o uso das TIC.

267.000 horas de formación e 70.800 usuarios en 6 anos

Desde o comezo en 2011 da actividade das aulas da Rede CeMIT impartíronse 267.000 horas de formación dixital gratuíta, principalmente en alfabetización e capacitación dixital, e acadáronse máis de 70.800 usuarios rexistrados na rede.

Desde 2014, a Rede CeMIT está habilitada para acreditar á cidadanía a certificación galega de competencias dixitais en ofimática (CODIX), onde se encamiñaron máis de 2.950 persoas e obtiveron a certificación máis de 2.100 persoas.

A rede conta cun total de 98 aulas en 92 concellos (das cales 64 son consideradas aulas de referencia por dispor dun alto nivel de actividade en inclusión dixital), e a Xunta busca garantir a capilaridade e universalidade destes servizos promovendo a participación dos axentes sociais, empresariais e entidades públicas para incrementar as actuacións en materia de inclusión dixital en todo o territorio galego.

A XUNTA INVESTIRÁ 270.000 EUROS NA MELLORA DO SANEAMENTO LOCAL MEDIANTE A CREACIÓN DUNHA NOVA EDAR EN MEIRAMA

- *O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá autorizou a sinatura dun convenio entre Augas de Galicia e o concello de Cerceda para a execución dunha nova infraestrutura hidráulica que dará servizo a 40 vivendas do lugar da Gándara*
- *Ademais, prevese a futura conexión dos núcleos da Picota e O Pedamúa, co que fará un total de 100 vivendas servidas, que contarán cunha rede para a recollida e posterior tratamento das augas residuais*
- *Esta actuación suporá un incremento da calidade de vida dos veciños, ademais da recuperación ambiental dos sistemas fluviais da zona*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o concello de Cerceda para a mellora do saneamento local mediante a creación dunha nova estación depuradora en Meirama. Así, a Xunta de Galicia ten previsto un investimento de 270.000 euros, cofinanciados co Fondo europeo para o desenvolvemento rural Feader, para a execución da nova infraestrutura hidráulica coa que se dará servizo a 40 vivendas situadas no lugar da Gándara. A previsión é que máis adiante se poidan conectar os núcleos da Picota e O Pedamúa, polo que fará un total de 100 vivendas servidas, que contarán cunha nova rede de recollida e posterior tratamento das súas augas residuais.

Trátase, polo tanto, dunha nova EDAR compacta e automatizada coa capacidade necesaria para o tratamento das augas residuais destes tres núcleos de poboación e a posibilidade de recibir máis de 62 metros cúbicos por día.

Ademais, esta actuación completárase coa instalación dunha rede colectores, que permitirá conectar, primeiro, o núcleo da Gandára e, posteriormente, os da Picota e O Pedamúa coa nova estación depuradora.

En definitiva, unha obra coa que se dará solución aos problemas derivados dun sistema incompleto para o tratamento das augas residuais e suporá a mellora da calidade de vida dos veciños e a recuperación ambiental dos sistemas fluviais da zona.

Igualmente, esta acción responde ao compromiso da Xunta de Galicia para a cooperación cos concellos no desenvolvemento das súas competencias, como é, neste caso, o saneamento e o tratamento das augas residuais.

Tras a autorización do Consello da Xunta, o organismo de bacía, Augas de Galicia, poderá avanzar cos trámites necesarios para a finalización do proxecto construtivo e a posterior recompilación da documentación municipal necesaria previa á licitación das obras.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DESTINA 162.000 EUROS Á CONTRATACIÓN DE INVESTIGADORES NAS UNIVERSIDADES GALEGAS

- *Trátase de persoas que participan no Programa estatal de investigación, desenvolvemento e innovación orientada aos retos da sociedade*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará 162.000 euros a financiar parte da contratación de 6 investigadores participantes no Programa estatal de investigación, desenvolvemento e innovación orientada aos retos da sociedade, que prestan servizo na Universidade de Santiago de Compostela –cinco deles- e na Universidade de Vigo- un deles-. Deste xeito o departamento educativo da Xunta de Galicia contribúe a que as universidades fagan fronte á cantidade que lles corresponde pagar ás universidades do salario das persoas contratadas ao abeiro das axudas concedidas pola Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Ministerio de Economía e Competividade para a modalidade 3 do devandito programa. Deste xeito, fóméntanse as accións destinadas a fomentar a captación do persoal de investigación cunha traxectoria destacada e alto potencial investigador nas universidades galegas.

En concreto, a Consellería colaborará cunha achega económica anual de 9.000 € por cada ano de contrato, que a USC e a UVIGO deberán destinar para afrontar o gasto que supón a contratación de persoal investigador no marco das axudas dos proxectos de I+D+i dirixidos por mozos e mozas investigadores que contén cunha traxectoria científica relevante pero que carezan de vinculación laboral na finalización do prazo de solicitude ou teña unha vinculación temporal non superior a un ano. A retribución mínima que deberá recibir o persoal investigador contratado, que se deberá indicar en cada contrato, será de 31.600 euros brutos anuais.

O Programa estatal de I+D+i orientado aos retos da sociedade fomenta a orientación da investigación científica, desenvolvida en universidades e organismos públicos de investigación, e das actividades de I+D+i empresariais dirixidas á resolución dos problemas e necesidades presentes e futuras da nosa sociedade, en consonancia cos retos contidos na Estratexia española de ciencia e tecnoloxía e de innovación e o esquema da Unión Europea reflectido no Programa marco de investigación, desenvolvemento e innovación <<Horizonte 2020>>, co fin último de procurar, a medio e longo prazo, a obtención de retornos sociais, incluídos os derivados da mellora da competitividade do tecido produtivo do país.

EDUCACIÓN FINANCIADA A CAPTACIÓN DE 5 INVESTIGADORES PARA O SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO A TRAVÉS DO PROGRAMA JUAN DE LA CIERVA

- *A consellería destina 49.000 euros ao financiamento complementario destas axudas concedidas polo Goberno central, para que non teñan que asumilo as universidades galegas*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará 49.000 euros á captación do talento de 5 investigadores a través do programa Juan de la Cierva para a súa incorporación na Universidade de Santiago de Compostela (USC) e na Universidade de Vigo (UVigo). A través deste investimento o departamento educativo da Xunta de Galicia financiará a parte complementaria destas axudas, que correspondería ás universidades. Deste xeito, o Goberno galego garante que a USC e a UVigo poderán contar con estes valiosos recursos humanos a través destas axudas concedidas pola Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Ministerio de Economía e Competividade (MINECO), sen que para as propias universidades supoña un custe adicional.

Cómpre lembrar que esta achega se enmarca na decisión tomada polo departamento educativo da Xunta de Galicia en 2012 de, por primeira vez, asumir o cofinanciamento da contratación de investigadores ao abeiro das convocatorias de 2012 dos programas Ramón y Cajal e Juan de la Cierva. Deste xeito, incentívanse as universidades do SUG para que se presenten á convocatoria destes programas, moi competitivos xa que, por primeira vez en España, os centros do SUG que acollen estes investigadores non teñen que aboar o financiamento complementario recollido na convocatoria realizada polo ministerio convocante.

O obxectivo das axudas JC é fomentar a contratación laboral de mozos e mozas doutores por un período de dous anos para que afiancen as capacidades adquiridas nunha primeira etapa de formación posdoutoral.

Aposta pola investigación universitaria

Este cofinanciamento enmárcase no fondo de fomento da I+D+i, dentro do Plan de financiamento universitario, que está dotado con 53,8 millóns de euros para este ano 2017. Trátase dunha acción na liña da política activa da Xunta de Galicia en prol da incorporación de persoal investigador nas universidades co fin de lograr ratios similares aos países á vangarda en investigación e promove, ademais, a captación externa de talento en marcos abertos e competitivos. Desta forma, continúaase co esforzo para incrementar o número de persoal investigador de excelencia con éxito neste tipo de convocatorias e establécense, ademais, sistemas efectivos de mobilidade no sistema

de I + D + i que garantan a oferta de oportunidades a aquelas traxectorias máis sólidas e permitan procesos de desenvolvemento profesional a escala internacional.

EDUCACIÓN DESTINA MÁIS DE 3,6 MILLÓNS DE EUROS A ACCIÓNS DE I+D+i NA UNIVERSIDADE DE VIGO

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura dun convenio coa UVigo co fin de fortalecer un sistema integral de excelencia científica*
- *A meirande parte da contía, 2,1 millóns de euros, vai dirixida á implantación de liñas de investigación no ámbito aeronáutico e aeroespacial*
- *A dotación de equipamento do Centro de Investigacións Tecnolóxico Industrial (MTI), a especialización dos campus (Campus Auga, Vigo Tecnolóxico e Campus Crea) e o plan de mellora do Centro de Investigacións Agroalimentarias do campus de Ourense, son outras das liñas de actuación máis destacadas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo (UVigo), a través do cal a Xunta de Galicia financiará cun total de 3.610.638 euros o desenvolvemento de accións específicas en materia de I+D+i por parte desta universidade co obxectivo xeral de avanzar cara un sistema integral de excelencia científica. Este acordo enmárcase na liña estratéxica do Goberno galego de ofrecer apoio ao desenvolvemento da investigación universitaria, en consonancia coa aposta polo crecemento intelixente que fai o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. De feito, e ao mesmo xeito que coa UVigo, xa foron autorizados convenios neste sentido coa Universidade de Santiago de Compostela e coa Universidade da Coruña.

No caso concreto da Universidade de Vigo, o apoio da Consellería establécese en seis grandes puntos coas súas accións específicas e orzamento desagregado. A implantación de liñas de I+D+i no ámbito aeronáutico e aeroespacial é a acción que absorbe a maior parte deste orzamento -un total de 2.114.000 euros concretamente-. Cabe especificar que a nova titulación de grao en Enxeñaría Aeroespacial e Aeronáutica abre novas posibilidades de investigación, polo que é necesario unha axeitada dotación do fondos para construír unha infraestrutura singular para a investigación punteira na tecnoloxía aeroespacial en materiais e aeronaves, que inclúen satélites artificiais e vehículos non-tripulados.

Así mesmo, preto de 600.000 euros destínanse ao equipamento do Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial (MTI), creado para dar soporte e fomento a labores de investigacións, desenvolvemento e transferencia no campo das tecnoloxías de proceso industriais. Esta infraestrutura forma parte dos denominados "Centros de Apoio á Investigación da UVigo" composto por un conxunto de edificios que busca a xeración de estruturas de investigación máis eficaces que garantan que o labor investigador sexa consecuente coas necesidades da sociedade.

Especialización dos campus

O apoio á especialización dos campus e da investigación (Campus Auga, Vigo Tecnolóxico e Campus Crea) tendo en conta as capacidades e potencialidades propias e do seu territorio, está dotado con 360.000 euros. Estes tres proxectos de especialización implican accións que terán resultados relevantes no longo prazo na i+D+i, o que aconsella o desenvolvemento de accións que reafirmen os proxectos e a súa estratexia.

Pola súa banda, no Campus de Ourense investiranse 300.000 euros ao Plan de mellora do Centro de Investigacións Agroalimentarias CIA3. O obxectivo é introducir modificacións nos modelos de gobernanza e xestión deste centro de investigación co fin de avanzar na retención e captación de talento e lograr o seu financiamento como Agrupación Estratéxica Consolidada/Centro Singular de Investigación.

O resto das partidas distribúense a razón de 210.778 euros para o cofinanciamento de equipamento e infraestruturas científico técnicas (metodoloxías de secuenciación de Nova xeración e PCR Dixital, espectrómetro de masas híbrido, acceso a ecosistemas mariños, invernadoiro para a investigación en valorización de residuos), e outros 30.000 euros á difusión e posta en valor da actividade de centros singulares de investigación (ECIMAT, CINBIO e ATLANTTIC).

A XUNTA DESTINA PRETO DE 4 MILLÓNS DE EUROS Á REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á PROTECCIÓN DA SAÚDE

- *A través dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia, a Consellería de Sanidade e a Fegamp*
- *O obxecto das axudas é regular as condicións que rexerán as relacións entre Sanidade e a Fegamp para as axudas destinadas ás Unidades Asistenciais de Drogodependencias*
- *Estas axudas engádense ás xa concedidas para o desenvolvemento dos programas de atención sociosanitaria á poboación con trastornos adictivos por parte das ONG, por un importe de 5,6 millóns*

O Executivo que dirixe Alberto Núñez Feijoo aprobou, na súa reunión semanal, a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Xunta, a Consellería de Sanidade, o Sergas, e a Fegamp, para a realización de programas de atención e protección da saúde. Renóvase así o convenio coa Fegamp para a asistencia aos drogodependentes, un dos segmentos da poboación máis vulnerables e que máis apoio precisan. Para tal efecto, a Xunta de Galicia destinará un total de 3.979.799 euros, dos que anticipará o 65%, de xeito que as unidades asistenciais de drogodependencias recibirán os fondos con carácter inmediato.

Este acordo entre a Vicepresidencia, Sanidade e os concellos galegos subvenciona os 13 concellos da nosa Comunidade que contan cunha Unidade Asistencial de Drogodependencias. Cómpre solicitar, así mesmo, que durante o pasado ano este convenio permitiu que fosen atendidas 7.614 persoas, sendo a intención do Executivo galego que poidan ser máis e incrementar o número de programas asistenciais, de maneira que se facilite a atención ás necesidades destas persoas e as súas familias.

A finalidade do convenio é regular as condicións que rexerán a relación entre o departamento que dirixe Jesús Vázquez Almuiña e a Fegamp, como entidade colaboradora, e os concellos que se adhiran e acepten as subvencións destinadas ao financiamento e desenvolvemento de programas de axudas para unidades asistenciais de drogodependencias, a través dos municipios que dispoñan destas unidades, e sempre atendendo á planificación, criterios, guías, programas e procedementos establecidos polo Sergas no circuíto de asistencia sanitaria aos trastornos adictivos en Galicia.

En consecuencia, esta planificación permite mellorar a atención aos galegos con trastornos adictivos; garantir un acceso equitativo á asistencia en toda a Comunidade; coordinar de xeito efectivo a atención prestada nos dispositivos de atención ás drogodependencias con servizos de atención primaria e de saúde mental e, ademais,

establecer unhas directrices comúns para todos os centros da nosa Comunidade en materia de drogodependencias.

Estas axudas engádense ás xa concedidas a través de subvencións ao longo de 2017 para o desenvolvemento dos programas de atención sanitaria e xurídico social á poboación con trastornos adictivos por parte de entidades sen ánimo de lucro da nosa Comunidade Autónoma, por cantidades que ascenden a 5,6 millóns de euros, e das cales se beneficiaron preto de 8.000 persoas.

Xunto con todo o anterior, Sanidade destina preto de 2,7 millóns de euros para programas de prevención de drogas realizados por concellos e entidades privadas sen ánimo de lucro.

O SERGAS INVESTIRÁ MÁIS DE 400.000 EUROS NA REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO DA NOVA FACULTADE DE MEDICINA E ODONTOLOXÍA

- *A actuación enmárcase no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela*
- *A nova infraestrutura situarase ao carón do actual Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela*
- *A iniciativa supón un paso máis na colaboración iniciada en 2016 coa finalidade de acadar unha maior proximidade entre as estruturas docentes, investigadoras e asistencias e unha mellora nos servizos educativos e sanitarios*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou o convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o financiamento da redacción do Proxecto Básico do Complexo Dotacional de Edifícios de Ciencias da Saúde, adxudicado polo órgano de contratación da USC. Mediante o devantado convenio, o Sergas investirá 428.511,82 euros na redacción do proxecto básico da nova Facultade de Medicina e Odontoloxía. Unha vez redactado o proxecto básico que se financia a través deste convenio, a USC procederá á súa licitación e a súa posterior execución.

Con este convenio danse novos pasos para seguir avanzando na colaboración entre as universidades e as institucións sanitarias nas cales se deben impartir ensinanzas universitarias, para os efectos de garantir unha mellor docencia práctica de medicina, enfermaría e outras ensinanzas que así o requiran para outorgar aos alumnos a mellor formación posible. De aí que as partes busquen garantir o mellor nivel de formación práctico desta disciplina nos estudos que a integran, o que redundará en beneficio das persoas usuarias e nunha mellor calidade do sistema público de saúde.

Antecedentes do acordo

A Facultade de Medicina da USC, creada en 1648, ocupa desde 1928 un edificio na rúa San Francisco da zona histórica de Compostela, onde se trasladou desde o Colexio Fonseca para estar preto do Hospital Real (entón Hospital Clínico). Co tempo, as instalacións resultaron insuficientes para satisfacer o incremento da demanda de actividade clínica e asistencial, polo que se fixo necesaria a construción dun novo edificio para o Hospital Clínico que se situou na Choupana, e que se inaugurou en 1999 e que se coñece como Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS).

Dada a conveniencia para a formación dos futuros profesionais sanitarios da existencia dunha proximidade física entre os servizos docentes e investigadores das facultades de Medicina e Odontoloxía e de Enfermaría e o lugar en que se presta a atención clínica

aos pacientes, converteuse nunha necesidade prioritaria abordar o reto da dotación dunha nova Facultade de Medicina e Odontoloxía próxima a nova infraestrutura hospitalaria.

Para posibilitar esta nova dotación, o 27 de abril de 2016 o Sergas suscribiu un convenio de colaboración coa USC para o desenvolvemento das actuacións previstas para a dotación dun novo edificio para a Facultade de Medicina e Odontoloxía.

O 19 de decembro de 2016, por resolución reitoral, declarouse gañadora á proposta de anteproxecto presentada baixo o lema *Enxebre*, cunha proposta económica de honorarios de 428.511, 82 euros. O 9 de xuño de 2017 formalízase a resolución de adxudicación do contrato.

A XUNTA INICIA A MELLORA DOS CENTROS DE MENORES XESTIONADOS POR ENTIDADES SOCIAIS COA LICITACIÓN DOS NOVOS CONTRATOS DE XESTIÓN

- *O Consello da Xunta dá luz verde ao primeiro dos novos contratos de xestión destes centros por un montante de 10 millóns de euros para 54 prazas de acollemento residencial nas localidades de Ribeira, Lugo, Monforte de Lemos, Ourense, O Barco de Valdeorras e Ponteareas*
- *O orzamento de 2018 eleva a partida destinada aos centros para a atención dos menores do sistema de protección e de atención á infancia ata os 32,2 millóns de euros, un 20% máis que no presente ano.*

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe luz verde a un novo contrato de servizos para a execución de programas de intervención en réxime de acollemento residencial ou de atención de día dirixidos a menores con medida de protección. Deste xeito, dáse continuidade ao mantemento de 54 prazas actualmente xestionadas por entidades sen ánimo de lucro en casas da familia e centros de día situadas nos concellos de Ribeira, Lugo, Monforte de Lemos, Ourense, O Barco de Valdeorras e Ponteareas.

En concreto, o contrato recolle 24 prazas para dar cobertura ás necesidades de acollemento residencial de menores en situación de tutela ou garda pola Xunta de Galicia e 30 máis de atención de día, modalidade preventiva dentro da medida de apoio á familia. Este procedemento de contratación permitirá a participación, en libre concorrència pública, de entidades titulares de centros de menores ou en expectativa e condicións de achegalos no prazo establecido nos pregos reguladores.

Nº:	Concellos en que se deben situar os centros	Tipoloxía do Centro admitida	Prazas xerais	Prazas especiais	Prazas de día
1	Ribeira	Casa de familia	6	2	2
2	Lugo	Casa de familia	7	1	0
3	Monforte de Lemos	Centro de día	0	0	8
4	Ourense	Casa de familia	7	1	0
5	O Barco de Valdeorras	Centro de día	0	0	10
6	Ponteareas	Centro de día	0	0	10
Total de prazas ofertadas			20	4	30

O orzamento máximo de licitación é de 10.064.361,65 euros (IVE incluído), cantidade que recolle tanto o prazo inicial de vixencia ata o 31 de decembro de 2020 como a posibilidade de prórroga co límite de duración total de seis anos e tres meses. Así as cousas, a Xunta incrementa en máis de 300.000 euros o importe anual estimado que se destina á prestación deste servizo, pasando dos algo máis de 985.000 euros investidos no presente ano aos máis de 1,2 que se reservan para o exercicio de 2018.

Este reforzo orzamentario vén motivado pola actualización dos custos de praza por menor e día destes centros que sobe un 65 % no prezo das prazas xerais en acollemento residencial –pasando de 52 euros por menor e día aos 85,77 actuais- e un 66 % no caso das prazas especiais, que teñen por obxectivo dar atención individualizada a menores con necesidades especiais que requiren dun esforzo extra na tarefa de integración e desenvolvemento persoal, –ao pasar estas de 66 euros por menor e día 109,77 na actualidade-. Así mesmo, este aumento supón unha clara mellora para as condicións en que se desenvolve esta atención aos menores, cumprindo así co obxectivo de dar resposta ás súas necesidades e favorecer o pleno desenvolvemento de todas as facetas da súa personalidade nun ambiente o máis parecido ao ámbito familiar.

Ademais, cómpre indicar o esforzo económico que reflicte o orzamento xeral da Xunta de Galicia para 2018 en materia de atención ao menor. De feito, auméntase a partida destinada aos centros para a atención dos menores do sistema de protección e de atención á infancia ata os 32,2 millóns de euros, un 20 % máis que no presente ano.

A atención residencial a menores cunha medida de protección é unha das obrigas que como titor ou gardador lle corresponden á Xunta de Galicia. Por outra parte, a atención en centros de día constitúe unha das modalidades da medida de apoio á familia, que ten como finalidade proporcionar as axudas materiais, educativas etc, que permitan a mellora do medio familiar e a atención das necesidades do neno, nena ou adolescente, para evitar a separación familiar.

Para levar a cabo estas actuacións, a Xunta desenvolve, entre outros, o programa de intervención en réxime de acollemento residencial e o programa de atención de día, mediante equipamentos propios con xestión directa, a través convenios de colaboración con outras entidades públicas ou privadas ou mediante a contratación dos servizos, como é caso da licitación aprobada hoxe.

A poboación a que vai dirixida este programa é a aqueles menores sobre os que a Xunta de Galicia adoptou algunha medida de protección, que en datos xerais do primeiro semestre de 2017 son os seguintes:

MENORES CON ALGUNHA MEDIDA DE PROTECCIÓN	
MENORES TUTELADOS	1.434
MENORES EN GARDA	561
TOTAL	1.995



TIPO DE RECURSO			
ACOLLEMENTO RESIDENCIAL			713
ACOLLEMENTO FAMILIAR	FAMILIA ALLEA	218	1.254
	FAMILIA EXTENSA	1.036	
GARDA CON FINS DE ADOPCIÓN			28
TOTAL			1.995



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A EXECUCIÓN URXENTE DAS OBRAS DE REPARACIÓN DOS DANOS CAUSADOS POLOS LUMES EN 10 ESTRADAS AUTONÓMICAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

- ***A Consellería de Infraestruturas e Vivenda levará a cabo a substitución da sinalización vertical, balizamento, barreiras de seguridade e vallas de cerramento, ademais de retirar material vexetal queimado nas marxes e reperfilas gabias e noiros, para estabilizalos***

O Goberno galego deulle hoxe o visto e prace ao informe da Consellería de Infraestruturas e Vivenda no cal se dá conta da declaración de emerxencia da obra de reparación dos danos causados nas estradas de titularidade autonómica da provincia de Pontevedra polos incendios dos días 14 e 15 de outubro.

En total, será necesario actuar en diferentes tramos de 10 estradas da Xunta na provincia de Pontevedra, a través dun investimento de case 700.000 euros. Nas demais provincias da rede de estradas de titularidade autonómica non rexistrou danos de entidade.

Concretamente, os incendios que tiveron lugar nas xornadas 14 e 15 de outubro afectaron a elementos funcionais das estradas seguintes:

- PO-010 Balsa-Balaídos: p.q. 0 + 000 ao 0 + 630.
- PO-331 O Porriño-Gondomar: p.q. 11 + 020.
- PO-552 Vigo-Tui: p.q. 17 + 400 ao 18 + 400 e 39 + 950 ao 41 + 500.
- PO-244 Ponte Caldelas-Soutomaior: p.q. 0 + 800 ao 9 + 000.
- PO-250 Redondela-Forzáns: p.q. 3 + 400 ao 8 + 900.
- PO-253 Prado-Pazos de Borbén: p.q. 10 + 700.
- PO-400 Salvaterra-Filgueira: p.q. 4 + 500 ao 11 + 100.
- PO-415 As Neves-As Neves: p.q. 1 + 550 ao 4 + 000.
- PO-420 Taboexa-Vilacoba: p.q. 0 + 000 ao 0 + 100.
- PO-402 Oleiros-Vilasobroso: p.q. 9 + 500 ao 11 + 000.

Neses treitos, nun total de 27,5 quilómetros, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda levará a cabo a substitución da sinalización vertical, balizamento, barreiras de seguridade e vallas de cerramento. Ademais, procederase á retirada e tratamento de materia vexetal queimada nas súas marxes, reperfilado de noiros e gabias.



Valla de cerramento na PO-010



Sinal e barreira na PO-250



Sinal e marxe da estrada na PO-400

A XUNTA IMPULSARÁ A CUALIFICACIÓN DE 500 MOZOS DE 30 CONCELLOS DO RURAL A TRAVÉS DA NOVA INICIATIVA FORMACIÓN Á PORTA

- *Enmárcase nun plan formativo pioneiro na Comunidade dirixido a desempregados menores de 30 anos e que o Goberno galego resolveu cun orzamento de 4,3 millóns co obxectivo de beneficiar a 1.440 mozos e mozas a través de 96 cursos*
- *É a primeira actuación da Administración autonómica que incorpora esta modalidade e que permitirá impartir, a través de espazos móbiles ou lugares habilitados nos concellos, máis de 30 accións en localidades que non contan con centros homologados*
- *Os alumnos recibirán ao rematar os cursos certificados de profesionalidade con validez en toda España e a cualificación centrarase nas actividades con maiores índices de inserción laboral e no uso de novas tecnoloxías, axustándose ás necesidades do tecido empresarial de cada zona*
- *Esta medida dá continuidade ao programa Emprega Xuventude, que contribúe á contratación e formación de 500 mozos a través dun bono de 7.000 euros*
- *O obxectivo do Goberno galego é seguir impulsando o emprego xuvenil acercando a formación ao rural para fixar poboación nestas zonas*

A Xunta mellorará a cualificación de preto de 500 mozos e mozas do rural de Galicia grazas ao programa Formación á porta. Deste xeito, o Goberno galego acercará os cursos para desempregados a 27 localidades que non contan con centros homologados para impartilos. En total, poranse en marcha máis de 30 accións a través de centros móbiles ou lugares habilitados polos concellos participantes.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria vén de resolver as axudas desta iniciativa, que forma parte do Sistema de Garantía Xuvenil, e que se enmarca no plan pioneiro de formación para desempregados específico para menores de 30 anos que conta cun orzamento de 4,3 millóns de euros para beneficiar a 1.440 mozos e mozas. En total, a través deste programa, levaranse a cabo 96 cursos entre este ano e o próximo. Destes, 32 terán lugar en 27 concellos con pouca densidade poboacional. Con este plan activarase, polo tanto, por primeira vez en Galicia, a formación á porta, unha medida que forma parte do Plan de formación e emprendemento no rural co que a Xunta busca fixar poboación nas zonas menos poboadas de Galicia e aumentar as oportunidades laborais dos seus habitantes.

A finalidade do Goberno galego é acercar a formación ao territorio, crear emprego estable e fixar poboación no rural. Os alumnos e alumnas recibirán, ao rematar o curso, un certificado de profesionalidade con validez en toda España. As accións formativas centraranse en actividades con maiores índices de inserción laboral e o uso de novas tecnoloxías, axustándose ás necesidades do tecido empresarial de cada zona.

As axudas -das cales hoxe se informou no Consello da Xunta- van dirixidas aos centros formativos acreditados e/ou inscritos pola Xunta para ofrecer formación profesional para o emprego, xa sexan empresas, entidades sen ánimo de lucro e concellos.

A convocatoria ten un carácter bianual para favorecer a realización de cursos máis complexos e cun maior período de duración. Polo tanto, a cualificación será máis completa e ofrecerá, deste xeito, maiores oportunidades laborais e máis capacitación aos participantes.

Garantía xuvenil

Esta nova proposta enmárcase na Axenda 20, coa que o Goberno galego está impulsando o emprego estable e de calidade; e dá continuidade ao programa Emprega Xuventude, unha experiencia piloto destinada principalmente aos profesionais que requiren a Industria 4.0 e o sector agroalimentario e que o próximo ano se estenderá ao resto de sectores produtivos. Trátase dun bono de 7000 euros para que as empresas destes ámbitos formen e contraten a 500 mozos e mozas.

O Goberno galego, mediante o Sistema de garantía xuvenil, favorece o acceso ao mundo laboral dos mozos e mozas a través de catro eixes principais: a mellora da intermediación, da empregabilidade, incentivos á contratación e o fomento do emprendemento. Para apoiar á mocidade, a Xunta está a investir este ano 40 millóns de euros para formación, contratación e emprendemento.

Outro dos programas postos en marcha para os máis novos son os obradoiros de emprego. Na actualidade están en marcha un total de 24 programas mixtos de formación e emprego nos cales participan preto de 500 menores de 30 anos que contan cun contrato laboral.

A Xunta tamén apoia con preto de 600.000 euros a realización de prácticas non laborais dirixidas aos mozos e mozas con cualificación (titulación universitaria, ciclo de grao medio ou superior ou certificado de profesionalidade) para facilitar o seu acceso posterior ao mercado laboral.

Con estas iniciativas o Goberno galego ten contribuído a diminuír as cifras de desemprego xuvenil. Así, desde abril de 2009 o paro neste colectivo reduciuse en máis da metade (-52,7 %) subindo no último ano a contratación indefinida nun 19,36 %. O número de mozos parados leva 5 anos caendo na evolución anual. A Xunta ten na formación unha ferramenta fundamental para impulsar entre os máis novos o seu acceso ao mercado laboral. De feito, seis de cada dez mozos sen emprego teñen como máximo o certificado de escolaridade ou o título de ensino obrigatorio.

OS CONCELLOS QUE APOSTEN POLA CAPTACIÓN DE INVESTIMENTOS TERÁN PRIORIDADE NAS AXUDAS DA XUNTA DIRIXIDAS A EMPREGO, INDUSTRIA E EMPRENDIMENTO E QUE SUMARÁN 42 MILLÓNS EN 2018

- *Os beneficiarios desta medida serán os municipios que se adhiran ao convenio de colaboración asinado entre a Administración autonómica e a Fegamp para atraer a Galicia máis actividade empresarial e emprego de calidade*
- *Terán preferencia nas convocatorias dos obradoiros, axentes de emprego os programas integrados (PIE), nos apoios aos parques empresariais e viveiros industriais e nas axudas para mercados excelentes e espazos activos de emprendemento*
- *Os concellos ofrecerán ás empresas que se queiran asentar nas súas localidades máis incentivos fiscais, maiores facilidades para acceder ao solo empresarial e unha simplificación na tramitación administrativa*
- *A iniciativa enmárcase na Lei de implantación empresarial coa que se buscan novos investidores para Galicia que xeren actividade industrial vinculada á innovación e á fabrica intelixente para que o tecido empresarial gañe en competitividade*
- *O Goberno galego, tamén para facilitar a captación de novos proxectos, puxo en marcha o pasado ano a Oficina Doing Business a través da que se lograron impulsar proxectos punteiros e innovadores*

A Xunta continúa co labor que está desenvolvendo para que Galicia se converta nunha terra de oportunidades onde sexa máis doado investir co obxectivo de atraer para a Comunidade máis actividade empresarial que xere emprego de calidade. O Consello da Xunta vén de informar hoxe dunha nova medida, enmarcada na Lei de implantación empresarial, coa que o Goberno galego priorizará aos *Concellos Emprendedores*, é dicir, aqueles que aposten pola captación de investimentos en axudas destinadas a impulsar a fábrica intelixente, o emprego de calidade e o emprendemento baseado na innovación e no talento.

Os beneficiarios desta iniciativa serán aqueles municipios que se adhiran ao convenio de colaboración asinado entre a Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) co obxectivo de xerar máis actividade industrial na Comunidade Autónoma. En concreto, os *Concellos Emprendedores* terán preferencia nas seguintes convocatorias: os obradoiros de emprego, axentes de emprego, os programas integrados de emprego (PIE), os apoios aos parques empresariais, viveiros industriais, e as axudas para mercados excelentes e espazos activos de emprendemento. En global, a Administración autonómica destinará o próximo ano a estas convocatorias preto de 42 millóns de euros.

Para desenvolver esta iniciativa, o Goberno galego establecerá nestas axudas, que serán convocadas en réxime de concorrencia competitiva, un criterio específico, no

que o baremo de puntuación supoña, polo menos, o 20 % do total. Os *Concellos Emprendedores* adheridos ao convenio entre a Xunta e Fegamp comprométese, pola súa banda, a ofrecer ás empresas que mostren interese por afincarse nas súas localidades máis incentivos fiscais, maiores facilidades para acceder ao solo empresarial e unha simplificación na tramitación administrativa.

En concreto, os maiores incentivos fiscais por parte dos concellos para favorecer a chegada de novas empresas suporán unha bonificación de ata o 95 % no IBI, IAE e ICIO para aqueles proxectos que impliquen nova implantación ou ampliación de empresas xa existentes. En todos os casos, deberán garantir a creación de emprego: ata o 95 % de bonificación se crean máis de 20 postos de traballo; como mínimo o 75 % cando sexan entre 11 e 20 empregos; e un mínimo do 50 % pola creación de ata 10 postos de traballo.

Así mesmo, os *Concellos Emprendedores* non exixirán a taxa por licenza de obra e por apertura nos plans empresariais que impliquen a creación de novos postos de traballo e que a súa actividade empresarial estea relacionada coa Industria 4.0 ou a Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3). Tamén se comprometen a conceder as licenzas de obra maior nun prazo máximo de 30 días naturais desde que dispoñen de todos os informes, e a establecer bonificacións e incorporar o dereito de superficie para favorecer o acceso a solo empresarial no seu municipio.

Lei de implantación empresarial

Esta actuación enmárcase na Lei de implantación empresarial que promove a Xunta co obxectivo de buscar novos investidores para Galicia, que xeren actividade industrial vinculada á innovación e á fabrica intelixente, co fin de que o tecido empresarial gañe en competitividade e xere postos de traballo estables e de alta cualificación.

A nova Lei inclúe a creación dun censo do solo empresarial co fin de centralizar a información relativa á oferta de inmobles empresariais e ofrecer así a compañías e emprendedores unha localización en Galicia para o desenvolvemento da súa actividade.

Para conceder máis facilidades de acceso ao solo industrial, o novo marco lexislativo recolle tamén a autorización da urbanización parcial de áreas empresariais e o pagamento aprazado e sen xuros na compra do solo público, así como condicións vantaxosas nas parcelas, a través de bonificacións de venda, dereito de superficie ou dereito preferente sobre o predio lindeiro. Ademais, levarase a cabo a simplificación na tramitación administrativa impulsando un procedemento único para reducir á metade os prazos.

Do que se trata é de fortalecer o tecido empresarial afincado en Galicia, favorecendo ao mesmo tempo a súa competitividade; de mellorar as infraestruturas de apoio ao

tecido industrial da Comunidade coa consecuente mellora da oferta de solo empresarial, e de avanzar no apoio ao emprendemento e o fomento da actividade industrial.

Oficina Doing Business

Para facilitar a captación de novos investimentos, a Xunta puxo tamén en marcha o pasado ano a Oficina Doing Business, unha plataforma pública en liña que se constitúe como unha canle directa con cidadáns e empresas para suprimir barreiras e impulsar novos proxectos. Desde a súa creación, conseguíronse impulsar proxectos punteiros e innovadores que supoñen un investimento aproximado de 330 millóns de euros.